

INFORMACIÓN XERAL PARA SOLICITUDE DE PRAZA

Normativa aplicable: Orde do 21 de novembro de 2016, artigos 21, 22 e 23.

De acordo co establecido no artigo 6 do Real decreto 1614/2009, do 26 de outubro, modificado polo Real decreto 21/2015, do 23 de xaneiro, o crédito ECTS como medida do haber académico do alumnado que cursa os estudos superiores de Música na Comunidade Autónoma de Galicia garante a súa mobilidade académica entre centros de ensinanza artística superior da propia Comunidade Autónoma, entre centros de ensinanza artística superior doutras comunidades autónomas do Estado español e entre centros de ensinanza artística superior do Espazo Europeo de Educación Superior.

Prazos de presentación de solicitudes:

O traslado de expediente académico desde un centro de dentro ou fóra da Comunidade Autónoma de Galicia deberá solicitarse antes dos quince días naturais anteriores ao sinalado como comezo do curso seguinte no calendario escolar publicado no DOG.

Documentación que se debe presentar:

– **Traslados de expedientes entre conservatorios superiores de música públicos da Comunidade Autónoma de Galicia:** presentarase a [solicitud](#) segundo o modelo establecido para o efecto, copia compulsada do DNI e certificación oficial do expediente académico (documento orixinal ou copia compulsada).

– **Traslados desde outra administración educativa do Estado español ou desde un centro oficial de ensinanza artística superior integrado no Espazo Europeo de Educación Superior:** presentarase a [solicitud](#) segundo o modelo establecido para o efecto, copia compulsada do DNI e certificación académica oficial dos estudos cursados, na que conste a norma que establece o plan de estudos realizado e as cualificacións obtidas, en idioma español.

O alumnado que solicite praza en 1.º para iniciar os seus estudos deberá achegar un certificado de ter superada a proba específica de acceso, no que conste a cualificación obtida en cada unha das partes integrantes da dita proba.

Os documentos presentados deberán ser orixinais ou copias compulsadas.

Resolución das solicitudes:

Os traslados de expediente estarán suxeitos á existencia de prazas vacantes no centro, sendo competente o Consello Escolar para resolver a súa admisión de acordo cos criterios que este estableza. As solicitudes ordenaranse conforme aos seguintes criterios, acordados en reunión ordinaria do Consello Escolar o 23 de xaneiro de 2019:

- Terá prioridade o alumnado que superou a proba de acceso ás ensinanzas superiores de Música no curso ao que quere acceder e non obtivo praza no centro no que realizou a proba de acceso. Neste suposto terá preferencia quen obtivese maior cualificación na proba específica de acceso.
- Alumnado que accede a cursos distintos de 1.º en primeira matrícula: por orde de preferencia desde o curso máis baixo ata o máis alto. En caso de empate, terá prioridade quen teña a maior nota media no seu expediente académico.
- O alumnado que renunciase á matrícula no noso centro en dúas ou máis ocasións pasará ao último posto na lista de solicitudes, con independencia do curso ao que solicita praza.

Haberá dous prazos de resolución de solicitudes, nas seguintes datas:

- Última semana de xullo

- Primeira semana de setembro

En caso de que na primeira resolución non se acade praza, automaticamente concorrerase ao prazo de setembro sen necesidade de volver a presentar outra solicitude.